XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

galicia

INFORMACIÓN ADICIONAL Á ORDE DE SUBVENCIÓNS PARA A FORMACIÓN DE ADULTOS DURANTE O ANO 2012

Inclúese este anexo ao resto do publicado por tratarse de información relevante para os intereses dos posibles solicitantes.

Aínda que non está no articulado da orde, atendendo a unha demanda da Intervención Delegada que ten a súa expresión na lei de subvencións de Galicia, todo beneficiario deberá xustificar a realización da actividade tal e como foi presentada. Esta xustificación refírese tanto ao cumprimento da actividade na previsión temporal contida no proxecto como á xustificación do gasto orzamentado.
De non facerse así, non será posible o pago da subvención.

A convocatoria para o ano 2012 contén as suficientes modificacións respecto á anterior para que conveña (sobre todo as entidades locais) realizar unha lectura detida da mesma.

É moi conveniente que os interesados sinalen unha conta de correo electrónico na que poder remitirlle información e que sexa unha conta aberta que non dependa dunha soa persoa, a ser posible, para evitar que por razóns de enfermidade, permisos ou vacacións a ausencia do titular da conta provoque que a información non chegue á entidade ou non o faga a tempo.

Os informes da Inspección Educativa sinalan que moi poucos dos interesados entregan boletíns de cualificación ao seu alumnado. Isto é unha obriga sinalada na orde e non pode incumprirse. No suposto de que o alumnado sexa avaliado por un centro dependente da Xunta de Galicia, será ese centro ou ben o solicitante o que elabore e entregue os citados boletíns. Pero, en calquera caso, os boletíns teñen que existir e o seu contido ser coñecido polo alumnado. Unha vez mostrados aos/ás interesados/as deberán custodiarse na clase para a súa presentación á Inspección Educativa.

Tal e como indica a convocatoria, o proxecto educativo deberá remitirse por duplicado. Para os efectos dunha maior claridade da información contida nel. Na primeira páxina sinalarase o seguinte:

1. Tipo de actividade (graduado ou alfabetización) e numeración que lle corresponda no caso de presentar dúas.
2. Temporalización: data de inicio e data de finalización da actividade. Tendo en conta que esas datas deberán referirse ao período que vai do 01/01/2012 ao 30/09/2012 (no suposto de iniciar as actividades con anterioridade farano constar no texto do proxecto). Número de horas lectivas que vai durar o proxecto no período antes mencionado.
3. Número de alumnos matriculados inicialmente.
4. Horario tanto das horas lectivas como das titorías, no seu caso.
5. Lugar onde terán lugar as clases e as titorías.
6. Nome da persoa responsable e o seu número de teléfono (se é posible, un teléfono directo aforraranos moito tempo de xestións para localizar á persoa responsable.)

Na convocatoria do ano 2011 detectouse unha falta de comprensión acerca de como debía realizarse a publicidade da Xunta de Galicia nas actividades. A orde deste ano só contempla a obrigatoriedade para os beneficiarios dunha subvención de facer esa publicidade de acordo co previsto no artigo 11.a. Porén non estaría de mais que exista no lugar onde se impartan as clases un letreiro no que se indique, no seu remate, o texto seguinte: “coa colaboración da Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria”. Este cartel elaborarase ao tempo de presentar a solicitude mentres que a publicidade á que se refire o artigo 11.a, só pode existir desde o momento en que se publique a resolución definitiva de concesións.

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

O resto das obrigas establecidas na convocatoria deberán cumprirse escrupulosamente. Pois noutro caso, poderían dar lugar á denegación da solicitude a retrasos no cobro da axuda ou á perda do dereito a percibir a subvención concedida.

Para os efectos de contar sempre cunha información actualizada en relación coas subvencións, é conveniente que os interesados visiten con frecuencia a páxina web da consellería: www.edu.xunta.es

Por último, sinalar que esta Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial e, máis especificamente, o Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos, está sempre ao dispor dos interesados para aclarar dúbidas ou recoller suxestións, no teléfono 981 540 289 ou na conta de correo electrónico jose.lorenzo.prado@xunta.es.